

FEGADEM beneficiou a 1.514 persoas este 2025 grazas á 'X Solidaria' a través de 11 programas sociais

- A **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)** xestionou 11 programas e investimentos este 2025, dos cales 8 foron executados polas entidades membro e 4 pola Federación, grazas ao con financiamento da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a través dos **fondos do 0,7% do IRPF**.
- Esta subvención permitiu a FEGADEM seguir contratando a **3 profesionais**: unha educadora social, unha técnica de comunicación e unha traballadora social.
- Grazas a estes fondos, a Federación executou un programa de **información, orientación e asesoramento**; outro de **comunicación e sensibilización**, e outro de **apoio ás persoas con Esclerose Múltiple (EM)**. Ademais, **adquiriu material** para continuar mellorando a calidade de vida das persoas con EM.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026

A **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)**, beneficiou este 2025 a **1.514 persoas** grazas aos seus programas cofinanciados pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a través dos **fondos do 0,7% do IRPF**, procedentes das persoas que marcaron o cadro de 'Actividades de interese xeral consideradas de interese social' na declaración da renda.

FEGADEM, grazas a esta axuda, xestionou **11 programas** este 2025, dos cales 8 foron executados polas entidades membro e 4 pola propia Federación. Esta continuou cos seus programas de **información, orientación e asesoramento** para mellorar a calidade de vida das persoas con EM; **ComunicatEM, un programa de sensibilización e comunicación na EM**, e o programa de **apoio ás persoas con EM**. A finalidade destes programas é seguir mellorando a calidade de vida das persoas con EM en Galicia e as súas familias, así como detectar as súas necesidades e sensibilizar sobre esta condición. Estes programas beneficiaron a 1.514 persoas de toda Galicia e ás 5 entidades membro, e permitiron a contratación de **3 profesionais**.

A través destes programas, FEGADEM realizou actividades de sensibilización, orientou e apoiou ás persoas con EM e ás familias que o precisaron ofrecendo diversos servizos e derivando ás asociacións que corresponderan, e xestionou o traballo en rede coas entidades membro. Tamén adquiriu material para seguir mellorando a calidade de vida das persoas con EM.

QUE É A ESCLEROSE MÚLTIPLE

A Esclerose Múltiple é unha enfermidade crónica, autoinmune e neurodexenerativa que afecta ao Sistema Nervioso Central. Están diagnosticadas máis de 60.000 persoas en España e a arredor de 4.500 en Galicia. Non ten cura, pero existen tratamentos farmacolóxicos e rehabilitadores que poden axudar a mellorar a calidade de vida. Os síntomas son moi variados, polo que recibe o nome da 'enfermidade das mil caras'.

QUE É FEGADEM

A Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) creouse no 2011 como resultado dunha reunión de representantes das asociacións galegas de Esclerose Múltiple na que decidiron constituírse nunha Federación. Traballa para garantir a calidade de vida das persoas que conviven con esta enfermidade e as súas familias, con actividades de sensibilización, servizos de orientación e asesoramento, e defensa dos dereitos destas persoas. Ten a sede en Santiago de Compostela e traballa de forma coordinada coas asociacións ACEM Coruña, ACEM Santiago, ALUCEM, AODEMPER e AEMPO para chegar ás catro provincias galegas.